

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACION DO EXPEDIENTE ALUGUER PARCIAL DO INMOBLE DA CASA REITORAL DE CACHEIRAS. EXPDTE. 2023/X999/000476.

EXPEDIENTE: 2023/G003/001099

Á vista do actuado no expediente de concertación directa do aluguer de parte do inmovible que se describe a continuación:

- Localización: lugar da Igrexa nº 15, 15883 Teo
- Identificación do propietario: Igrexa
- Superficie útil: 496,30 m²
- Referencia catastral: 001204200NH34B000JI
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: Tomo: 961, Libro: 374, Folio: 19, inscrición 1ª, Fecha: 13 de marzo de 2020

Do inmovible citado as estancias que se pretenden alugar concréntanse en dúas salas da planta baixa, que actuarán de aulas (unha estancia de 37 m² (aula 1), á que se accede dende o hall de entrada, e unha estancia de 53 m² (aula 2), á que se accede dende o distribuidor e da á parte posterior do edificio), a parte posterior con acceso dende o distribuidor principal que será destinada a patio descuberto (de 57 m²), e os baños, un para cada sexo e un terceiro para persoas con mobilidade reducida (28 m²).

Tendo en conta a Memoria desta Alcaldía incorporada ao expediente, do 17 de agosto de 2023, xustificativa da necesidade e conveniencia do alugueiro, do fin a que se prevee destinar o inmovible que se pretende alugar e do procedemento de adxudicación directa que se propón seguir.

Visto o informe do arquitecto municipal, do 17 de agosto de 2023, o informe de Intervención sobre os recursos ordinarios do orzamento, do 18 de agosto de 2023, o Prego de condicións, do 6 de setembro de 2023, o informe de Secretaría, do 6 de setembro de 2023, e o informe de Intervención, do 6 de setembro de 2023.

Considerando que, segundo o citado informe de Secretaría, a cláusula relativa ao prezo do contrato e gastos complementarios (cl. segunda), debe ser debidamente analizada polo departamento de intervención, *“non estando, a xuízo da que subscribe, axeitadamente concretados os subministros e instalacións de cuxos gastos deberá facerse cargo o Concello, debéndose así mesmo determinar, como mínimo a modo de previsión, o importe dos citados gastos, aspecto este que, a xuízo da que subscribe, deberá ser debidamente subsanado”*.

Considerando que, segundo o informe de intervención, *“o expediente se fiscaliza de conformidade coa observación seguinte: aínda que se certificou existencia de crédito por importe de 3.291,84 € para facer fronte ao aluguer, e, considerando que os gastos de suministros non se poden cuantificar a priori, esta intervención realizou un asento contable RC por importe de 7.500 € en espera de que dito importe sexa suficiente para financiar a totalidade do gasto correspondente ao exercicio 2023”*.

Considerando a urxencia en proceder a concertar o alugueiro ao que se refire o presente, tendo en conta a necesidade de dispor do inmovible para o comezo do curso escolar, e considerando que o aspecto relativo aos gastos complementarios será obxecto de concreción nun momento posterior.

Sendo que, segundo o certificado de existencia de crédito, do 30 de agosto de 2023, incorporado ao expediente, existe crédito para o alugueiro do inmovible descrito por importe de tres mil douscentos noventa e un euros con oitenta e catro céntimos de euro (3.291,84€), con cargo á partida 320/202.00 do orzamento vixente, efectuándose pola intervención un asento contable RC por contía superior, segundo se desprende do informe de intervención transcrito.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á concertar de forma directa o alugueiro do inmovible en cuestión.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, do 6 de setembro de 2023, que rexerá o alugueiro de parte da Casa Reitoral de Cacheiras para a realización da actividade docente do CRA de Teo, polo prezo máximo mensual de oitocentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos (822,96 €), IVE engadido.

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal valorando o alugueiro do inmovible en 680,13 € mensuais.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 320/202.00 do vixente orzamento municipal, por importe mensual de oitocentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos (822,96 €), IVE engadido.

Cuarto.- Invitar ao propietario por se estivera interesado en alugar o inmovible descrito e se acepta as condicións polas que se formalizará o alugueiro de forma directa

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

Virginia Fraga Díaz